

REGULAMENTO XII CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES DE OURENSE

CORRENDO POR OURENSE 2024

Un dos obxectivos do Consello Municipal de Deportes de Ourense é organizar manifestacións deportivas no municipio, especialmente as de carácter popular.

O CMD organiza o XII Circuito de Carreiras Populares de Ourense “**Correndo por Ourense**” integrado por 7 carreiras en diferentes localizacións do Concello de Ourense.

INSCRICIÓN

- As inscricións realizaranse na páxina web **correndoporourense.com** ou **ccnorte.com** facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición, o que dará dereito á cobertura dos seguros de RC e de accidentes.
- O **prazo** para inscribirse no Circuito comeza o día 1 de abril e remata o mércores anterior a cada carreira, volvéndose abrir o luns seguinte a cada proba. A **data límite** para inscribirse no Circuito é o 5 de xuño de 2023, a data de peche da carreira de Corpus.
- CATEGORÍA PITUFOS:
 - Deben recoller o dorsal e corren sen chip.
- CATEGORÍAS SUB20, SUB23, SENIOR E MASTER
 - A inscrición para todo o **Circuíto** ten un custe de **15€** (7 carreiras).
 - Para participar no circuíto é obrigatorio o uso do chip amarelo. Poderán alugar un chip para este Circuíto ou mercalo para sempre por un prezo de 15€. A persoa que o devolva na última carreira do Circuíto ou no Pavillón dos Remedios ata o día 31 de outubro de 2024, recuperará 8€.
 - En caso de querer participar en **carreiras soltas** o prezo será de **5€** por carreira para propietarios/as de chip amarelo, mentres que os/as que non teñan chip propio terán que abonar 1€ de aluguer do chip por cada carreira, tendo que devolvelo ao remate da proba.
 - Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.





- CATEGORÍAS SUB10, SUB12, SUB14, SUB16 E SUB18
 - Inscripción gratuíta.
 - Terán que abonar unha fianza de 5€ polo chip, que recuperarán as persoas que entreguen o chip na última carreira do Circuito ou no Pavillón dos Remedios ata o día 31 de outubro de 2024.
- INSCRITOS/AS NO CIRCUÍTO:
 - A inscrición e o dorsal son **únicos para todo o Circuito**, polo tanto, os/as atletas inscritos/as nalgunha carreira do Circuito quedan automaticamente inscritos/as para todas as restantes e deben conservar o dorsal en boas condicións. É obrigatorio levar o chip na zapatilla e o dorsal ben visible no peito.
 - No caso de que o/a corredor/a perda o dorsal, terá que solicitar outro enviando un correo a consulta@championchipnorte.com, pagando unha penalización de 1€.
- Aqueles atletas que sabendo da súa imposibilidade para participar nesta proba, proporcionen datos falsos para poder facelo, serán descalificados.
- A recollida presencial dos dorsais con chips realizarase o 27 de abril de 2024, no Pavillón dos Remedios, de 10:00h. a 20:00h. Con carácter extraordinario poderase recoller na secretaría da primeira competición na que participe dende 90 minutos ata 30 minutos antes de que empece a primeira proba.
- O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.
- Gravarase a chegada para solventar calquera reclamación.
- Todos/as os/as participantes coa súa inscrición aceptan integramente o presente regulamento e autorizan á Organización para poder facer uso das imaxes, fotografías e/ou vídeos do evento.



DATAS, HORARIOS E PERCORRIDOS

<p>CARREIRA DO VINTEÚN DOMINGO 28/04/2024</p>	<p>11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Saída: Rúa Madre Soledad, Avda. Santiago, Rúa do Vinteún, Río Corzos, Río Mao, Río Cobas, Río Camba, Avda. Santiago, Rúa do Vinteún, Río Corzos, Rúa Madre Soledad.</p>
<p>CARREIRA DO COUTO SÁBADO 25/05/2024</p>	<p>22,00h: Pitufos 22,05h: SUB10, SUB12 22,15h: SUB14, SUB16 22,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Saída: Rúa Dalí, Ervedelo, Juan de Angas, Remedios, rotonda cara Antonio Puga, Ervedelo, Juan de Angas, Remedios, Dalí.</p>
<p>CARREIRA DO CENTRO SÁBADO 08/06/2024</p>	<p>22,00h: Pitufos 22,05h: SUB10, SUB12 22,15h: SUB14, SUB16 22,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Saída: Rúa do Paseo, Concello, Xoán XXIII, Progreso, Avda. de Pontevedra, Lamas Carvajal, Paseo.</p>
<p>TRAIL OIRA-SAN TOMÉ DOMINGO 30/06/2024</p>	<p>11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Oira, pasarela Oira, pasarela Río Lonia, parque Lonia, Ponte da Lonia, senda fluvial, IES de Mende, Vereia Vella, San Tomé e volta a Oira polo mesmo itinerario.</p>
<p>CARREIRA DE MARIÑAMANSA DOMINGO 08/09/2024</p>	<p>11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Rúa Xoán Manuel Pintos, Av. do Regato, Rotonda, Av. De Zamora, Rúa Alberto García Ferreiro, Vasco Díaz Tanco, Dr. Pena Rey, Av. Universidade, Av. de Zamora, Eduardo Pondal, Ermida.</p>
<p>CARREIRA DA PONTE DOMINGO 29/09/2024</p>	<p>11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Saída: Francisca Herrera (12 de Outubro), Avda. de Santiago, Basilio Álvarez (ida e volta), Avda. Caldas, J. Antonio Moretón, Ribeiriño, Avda. Caldas, Mercado, Rosalía de Castro, Vicente Risco (ata a rotonda e volta ata a meta).</p>
<p>CARREIRA DA CARBALLEIRA DOMINGO 20/10/2024</p>	<p>11,00h: Pitufos 11,05h: SUB10, SUB12 11,15h: SUB14, SUB16 11,30h: SUB18, SUB20, SUB23, Senior e Máster</p>	<p>Praza da Lexión, Castelo Ramiro, Hórreo, Paspallás, Salto do Can, Rula, Castelo Ramiro, Pza da Lexión.</p>



- Por cuestións organizativas pode variar algunha destas datas, de ser o caso, informárase a todas as persoas participantes o antes posible.
- Os percorridos por categorías están especificados na información gráfica do Circuito, pero por necesidades organizativas e/ou de seguridade cidadá poden ser modificados.
- Ao longo do percorrido, a Organización poderá establecer tantos controis como estime oportunos.
- Establécese un **tempo de corte** (peche do circuito) dunha hora desde que se dé a saída.
- É obrigatorio seguir a sinalización e as indicacións marcadas pola Organización.
- O avituallamento estará situado na meta.

PARTICIPANTES

As categorías son as seguintes:

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO
PITUFOS	Nados/as en 2017 e posteriores
SUB10	Nados/as en 2015-2016
SUB12	Nados/as en 2013-2014
SUB14	Nados/as en 2011-2012
SUB16	Nados/as en 2009-2010
SUB18	Nados/as en 2007-2008
SUB20	Nados/as en 2005-2006
SUB23	Nados/as en 2002-2004
SENIOR	Nados/as en 2001 ata máster
MÁSTER A	De 35 a 44 anos
MÁSTER B	De 45 a 54 anos
MÁSTER C	De 55 a 64 anos
MÁSTER D	Maiores de 65
ABSOLUTA	2006 e anteriores

- Para que os Máster non varíen de categoría ao longo do Circuito establécese a data da primeira carreira do Circuito para o cálculo das idades.
- Nestes eventos deportivos poden participar atletas federados e non federados.



CLASIFICACIÓN

- Para entrar na clasificación xeral será preciso que os/as atletas participen en 5 carreiras. No caso de participar en todas, desestimaranse os peores resultados.
- A puntuación en cada carreira correspóndese co posto alcanzado na clasificación xeral (diferenciada entre homes e mulleres), de maneira que os/as que teñan menos puntos serán os/as primeiros/as clasificados/as.
- No caso de empate resolverase coa suma de postos na clasificación xeral, resultando gañador ou gañadora o/a que menos puntuación obtivera. De persistir o empate será a Organización quen decida o criterio para resolvelo.
- Clasificación por equipos absolutos:
 - Os equipos serán mixtos puntuando en cada carreira os 3 primeiros homes e as 3 primeiras mulleres de cada equipo co posto alcanzado na clasificación xeral (diferenciada entre homes e mulleres), de maneira que os/as que teñan menos puntos serán os/as primeiros/as clasificados/as.
 - Para optar a clasificación final cada equipo deberá puntuar en todas as carreiras do Circuito.
 - O prazo para a configuración dos equipos remata co peche da segunda carreira pero recuperarase os resultados dende a primeira carreira do Circuito.
 - Enlace de axuda de cómo crear os equipos: <https://ccnorte.com/ayuda/formar-equipos>
 - No caso de empate resolverase coa suma de postos na clasificación xeral, resultando gañador o equipo que menos puntuación obtivera. De persistir o empate será a Organización a que decida o criterio para resolvelo.

PREMIOS

- Trofeo aos tres primeiros e primeiras clasificadas en cada categoría.
- Clasificación **Xeral Individual**:
 - Trofeo e 300€ en material deportivo ao 1º/1ª clasificado/a.
 - Trofeo e 200€ en material deportivo ao 2º/2ª clasificado/a.
 - Trofeo e 100€ en material deportivo ao 3º/3ª clasificado/a.
- Clasificación por equipos absolutos: 120€ ao 1º equipo mixto.



- Todas as persoas que estean na Clasificación Xeral por participar en 5 carreiras recibirán unha **camiseta** conmemorativa.
- A **entrega de trofeos** (19h) e **agasallos** (de 10 a 20 h) efectuarase o sábado anterior á Carreira do San Martiño no lugar anunciado con antelación suficiente.
- Na categoría de Pitufos, todos os participantes que cheguen a meta recibirán un agasallo en cada carreira. Poderanse facer varias quendas de saída, a criterio da Organización, para un mellor desenvolvemento da chegada á meta, a entrega de medallas e a seguridade dos cativos.
- Para poder recoller os premios e os trofeos deberase xustificar documentalmente o ano de nacemento dos/das atletas por medio de DNI ou documento legal en vigor.
- Todos os trofeos que non se recollan o día da entrega oficial estarán os 8 días seguintes a disposición dos corredores na sede do Organizador. A partir desa data enténdese que se renuncia a eles.

RESPONSABILIDADE

- É imprescindible estar inscrito/a para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes.
- Todos/as os/as inscritos participan voluntariamente baixo a súa responsabilidade e admiten gozar dun nivel de condición física suficiente para afrontar esta carreira.
- A Organización:
 - Responsabilízase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido ou negligencia do/a participante.
 - Contará con servizos médicos a disposición dos/as corredores/as e coa colaboración da Policía Local de Ourense e de Protección Civil nos puntos máis estratéxicos do percorrido.
 - Recoméndalle aos/ás participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.
 - Non se fai responsable dos danos que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os/as participantes deste circuito.
 - A Organización non se fai responsable das consecuencias que deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do/a corredor/a ou persoa na que delegue.



O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do/a atleta dos datos que aporta, aínda que, se obtén un premio, deberá presentar a documentación acreditativa pertinente.

No momento de formalizar a inscrición, os participantes estarán declarando a súa responsabilidade sobre os seguintes termos:

- ✓ Que teño lido, entendido, aceptado e me comprometo a cumprir o Regulamento desta proba, colaborando en todo o posible coa Organización.
- ✓ Que son consciente dos riscos que implica a participación na actividade e que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

DESCUALIFICACIÓN

Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos:

- Non seguir a sinalización específica da carreira (vallas, cintas...) ou as directrices do persoal que intervéñen na Organización, que irá debidamente identificado.
- Non completar todo o percorrido ou non pasar os controis.
- Non levar dorsal ou manipulalo.
- Falsificar datos persoais, ou a suplantación da identidade.
- Utilizar vehículos de axuda ou mesmo bicicletas, patíns.
- Ir acompañado doutras persoas que non sexan participantes inscritos na proba ou inscritos noutras categorías.
- Cando continuar a participación supoña un risco para a súa propia seguridade, para outros atletas ou para o desenvolvemento da proba.
- Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que a Organización considere que é motivo de descualificación.

RECLAMACIÓNS

As reclamacións resolveranse en consulta@championchipnorte.com

O presente Regulamento pode ser modificado para a súa mellora por parte da Organización.

